

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE XULLO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 20 de xullo de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de xullo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde de 7 de xullo de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento TR332A). (Diario Oficial de Galicia número 138, de 21 de xullo de 2021).
- Orde de 9 de xullo de 2021, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e o impulso da competitividade do sector artesan e convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN201G). (Diario Oficial de Galicia número 139, de 22 de xullo de 2021).
- Orde de 22 de xullo de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde de 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde de 1

de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do ocio nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. (Diario Oficial de Galicia número 139-Bis, de 22 de xullo de 2021).

- Orde de 14 de xullo de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2021 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR450A). (Diario Oficial de Galicia número 140, de 23 de xullo de 2021).

- Orde de 20 de xullo de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental (código de procedemento PR483E). (Diario Oficial de Galicia número 140, de 23 de xullo de 2021).

- Corrección de erros. Orde de 22 de xullo de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde de 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica a Orde de 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do ocio nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. (Diario Oficial de Galicia número 140-Bis, de 23 de xullo de 2021).

- Orde de 21 de xullo de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para afrontar a evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. (Diario Oficial de Galicia número 140-Bis, de 23 de xullo de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.único. Proposta de aprobación do proxecto básico e de execución de demolición dun edificio sito no lugar de Campóns- Castrobo

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 22 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de urbanismo, Obras e Medioambiente do día 20 de marzo de 2018 ordenouse a demolición das obras realizadas por don Manuel Prado Moure sin licenza municipal, consistentes nun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas en os Campos, Sigras, (Cambre) ao resultar imposible a súa legalización.

A antedita resolución foi notificada a Papre S.A con data de 27 de marzo de 2018, concedendolle un prazo de 1 mes para o inicio da obra e 5 meses para a finalización das mesmas.

Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, con data de de 1 de outubro de 2018, acordouse reanudar os trámites para a execución subsidiaria da demolición das obras sin licenza consistentes na construción dun edificio de vivendas en bloque plurifamiliar de baixo + 3 plantas en os Campos, Sigrás, Cambre, ordenada por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, obras y Medio ambiente do día 20 de marzo de 2018 e confirmado por resolución de alcaldía do día 15 de maio de 2018, ao no haber realizado dita demolición polos interesados dentro do prazo concedido, de acordo co disposto polo artigo 152.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro de 2016, do Solo de Galicia.

Como consecuencia do anterior, acordouse iniciar os trámites para a contratación das obras necesarias para levar a cabo a antedita demolición, en base ao proxecto de demolición redactado polo Grupo Taller de Arquitectos y Urbanistas La Coruña SLP, aportado polos interesados con data de rexistro de entrada 15 de decembro de 2017 e número 2130 .

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**

Único: Aprobar o proxecto denominado: Proxecto Básico e de Ejecución de demolición dun edificio sito no lugar de Campons-Castrobo” con orzamento total de 112.429,40 euros (IVA incluído), redactado polo Grupo Taller de Arquitectos y Urbanistas La Coruña S.L.P.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 16 ao 22 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1183/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1220/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1183/2021	16-07-2021	Licenza de demolición vivenda unifamiliar na estrada da Estación, Cambre. Solicitante: PFS en representación de NBG
1184/2021	16-07-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de xullo de 2021
1185/2021	16-07-2021	Cobertura interina baixa médica auxiliar administrativo Educación
1186/2021	16-07-2021	Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde don Diego Alcantarilla Rei dende o día de hoxe ata a súa reincorporación
1187/2021	19-07-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 22 de xullo de 2021
1188/2021	19-07-2021	CM para a elaboración dun documental sobre o Rock in Cambre / Rock in Cambre 2021
1189/2021	19-07-2021	Declaración obra nova en Altamira, Anceis. Solicitante: JEVF
1190/2021	19-07-2021	Declaración de obra nova en San Paio, Brexo. Solicitante: LTR e MRCE
1191/2021	19-07-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 11 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita en Estorrentada, Cambre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
1192/2021	19-07-2021	Licenza de primeira ocupación para as vivendas pareadas sitas en Roncesvalles (P8-P9) - Brexo. Solicitante: RH, S.L.
1195/2021	19-07-2021	Aprobación da xustificación e proposta de pago subvencións municipais deportes 2019
1193/2021	20-07-2021	Declarar a ineficacia da comunicacion previa de actividade presentada por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		JSV para a actividade de aparcadoiro anexo á "Botica do agro" situado no lugar da Xira, parroquia de Sigrás
1194/2021	20-07-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa de actividade presentada por JSV para a actividade de comercio menor de produtos agrarios situada na Xira, parroquia de Sigrás
1196/2021	20-07-2021	CM a Francisco Amil Serantes / Ler conta moito
1197/2021	20-07-2021	CM a Sarabela Teatro /Ler contra moito
1198/2021	20-07-2021	Devolución de aval por construción de vivenda unifamiliar en Quintán, Cambre. Solicitante: DGS
1199/2021	20-07-2021	CM a Carlos Coira/Ler conta moito
1200/2021	21-07-2021	Concesión anticipo reintegrable de dúas mensualidades á funcionaria de carreira dona AMMSG
1201/2021	21-07-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1202/2021	21-07-2021	Pagamento de produtividade do 2º trimestre de 2021
1203/2021	21-07-2021	Legalización de vivenda unifamiliar no Canal, Cecebre Solicitante: ARB
1204/2021	21-07-2021	Solicitud número edificio a instancia de MRG
1205/2021	21-07-2021	Adxudicación CM a Raquel García Rodríguez / Ler conta moito
1206/2021	21-07-2021	CM a Estefanía Padullés / Ler conta moito
1207/2021	21-07-2021	CM a Antía Yáñez Rodríguez / Ler conta moito
1208/2021	21-07-2021	CM a Olga María Abad Prieto / Ler conta moito
1209/2021	21-07-2021	Adxudicación CM a Migallas Teatro, S.L. / Ler conta moito
1210/2021	21-07-2021	CM a Patricia Núñez Sánchez / Ler conta moito
1211/2021	21-07-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JRDM
1212/2021	21-07-2021	Convocatoria e bases concurso-oposición traballador social interino
1213/2021	22-07-2021	Declaración de obra nova de casa situada na Barreira, Cambre. Solicitante: MLP
1214/2021	22-07-2021	Declaración de obra nova casa sita en Fabás, Pravio. Solicitante: EEL
1215/2021	22-07-2021	Declarar a ineficacia da comunicación previa de inicio de actividade presentada por CLA para a actividade de grellada no local sito na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple
1216/2021	22-07-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NSG
1217/2021	22-07-2021	Avocación de competencias do cuarto tenente de alcalde, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, do día 2 ao 13 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos
1218/2021	22-07-2021	Conceder a licenza municipal para substituír dous postes e instalar dúas ristas nos lugares de Souto e de Sigrás de Abaixo, parroquia de Sigrás. Solicitante: TdeE, S.A.
1219/2021	22-07-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, dado que o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ACM
1220/2021	22-07-2021	IRF altas Prisma 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do servizo de Deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-21, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-22 e 2022-23), a prol do licitador "Publprinters Global, S.L.", no prezo total ofertado para o taller 20/21 de 957,72 euros IVE incluído (791,50 euros sen IVE). Expte: 2021/C004/000009

- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), para adxudicar a obra correspondente ao "Proxecto básico e de execución de Reforma e Ampliación do Complexo Deportivo Municipal A Barcala. Marzo 2021. Expediente : 2021/C003/000002

- Proposta de adxudicación da " Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre", a prol do licitador "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." no prezo total ofertado de 19.086,37 euros IVE incluído (15.773,86 euros sen IVE), e segundo desagregación de prezos unitarios ofertados. Expte: 2020/C005/000009

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación do servizo de Deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-21, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-22 e 2022-23) , a prol do licitador "Publprinters Global, S.L.", no prezo total ofertado para o taller 20/21 de 957,72 euros IVE incluído (791,50 euros sen IVE). Expte: 2021/C004/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 26 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000009 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación ; factor prezo), do servizo de Deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-21, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2021-22 e 2022-23) , cun orzamento base de licitación de 2.662,00 euros IVE incluído .

Vista a valoración das ofertas admitidas, consonte ao criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa,) e que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente procedemento de data 24 de xuño de 2020, así como a proposta de adxudicación efectuada con data do 15 de xullo de 2021 , o a prol do licitador "Publprinters Global, S.L.", no prezo total ofertado para o taller 20/21 (que poderá prorrogarse por dous exercicios máis, 2021-22 e 2022-23), de 957,72 euros IVE incluído (791,50 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do criterio do prezo ofertado á baixa que consta na cláusula 12 do PCAP, e xustificar debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, isto segundo o informe emitido pola axente de desenvolvemento local de data 2 de xullo de 2021 ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento, en sesión celebrada con data 15 de xullo de 2020.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegado en prazo toda a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación, de data 26 de xullo de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade coas propostas formuladas con data de 4 e 24 de xuño de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, admitir as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, por presentar os sobres ou arquivos electrónicos C, Subtitulados "*Declaración responsable e oferta económica*" coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición, conforme as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14 e Anexos II e III do PCAP :

- Aja Publicidad, S.L.
- Artes Gráficas Botella Gómez, S.L.
- Atelier Gráfica Visual, S.L.
- Aísa Publicidad SLU
- Ediciones Gráficas Online, S.L.
- Isabel Martínez Gestal
- Ovejero Sequeiro, S.L.
- Publiprinters Global, S.L.
- Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U.
- SGRAF Artes Gráficas, S.L.
- Solana e Hijos, Artes Gráficas, S.A.U.
- Talleres Trébore, S.L.
- Ártabra Comunicación, S.L.

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data de 4 de xuño de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, e tendo en conta o establecido na cláusula 13.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, na que se establece que a documentación e proposicións que presenten os licitadores deberán presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público <https://contrataciondelestado.é>, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada plataforma, inadmitir a oferta presentada pola empresa "Itopic Be Dixital, S.L." por haberse presentado a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) e non da PLACSP, incumprindo con iso os requisitos establecidos na citada cláusula para a presentación de proposicións no presente procedemento, así como o establecido no art. 139.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, en virtude do cal:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“1. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha, así como a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recolleitos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea”

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada con data de 24 de xuño de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, aprobar a seguinte valoración das ofertas admitidas por orden decrecente, así como os cálculos para determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a **1.195,21 euros sen IVE**, atopándose no dito suposto as proposicións presentadas polos licitadores que se indican seguidamente:

ORDE	EMPRESA	PREZO SEN IVE	IVE 21%	PREZO CON IVE	PUNTUACIÓN	OFERTA ANORMALMENTE BAIXA
1º	PUBLIPRINTERS GLOBAL SL	791,50 €	166,22 €	957,72 €	100,00	SI
2ª	SOLANA E HIJOS ARTES GRAFICAS SAU	1.101,00 €	231,21 €	1.332,21 €	71,89	SI
3ª	AISA PUBLICIDAD SLU	1.227,00 €	257,67 €	1.484,67 €	64,51	NON
4ª	RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRAFICAS SAU	1.300,00 €	273,00 €	1.573,00 €	60,88	NON
5ª	OVEJERO SEQUEIRO SL	1.370,00 €	287,70 €	1.657,70 €	57,77	NON
6ª	EDICIONES GRAFICAS	1.574,90 €	330,73 €	1.905,63 €	50,26	NON
7ª	ARTES GRÁFICAS BOTELLA GOMEZ SL	1.600,00 €	336,00 €	1.936,00 €	49,47	NON
8ª	ARTABRA COMUNICACIÓN SL	1.640,00 €	344,40 €	1.984,40 €	48,26	NON
9ª	ISABEL MARTÍNEZ GESTAL	1.650,00 €	346,50 €	1.996,50 €	47,97	NON
10ª	ATELIER GRAFICA VISUAL SL	1.692,30 €	355,38 €	2.047,68 €	46,77	NON
11ª	SGRAF ARTES FRAFICAS SL	1.800,00 €	378,00 €	2.178,00 €	43,97	NON
12ª	TALLERES TREBORE SL	1.906,25 €	400,31 €	2.306,56 €	41,52	NON
13ª	AJA PUBLICIDAD SL	1.980,00 €	415,80 €	2.395,80 €	39,97	NON

Cuarto: De conformidade coa proposta formulada con data de 15 de xullo de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, declarar que as empresas “Publiprinters Global, S.L.”, e “Solana e Hijos Artes Gráficas S.A.U.”, xustificaron suficientemente as súas ofertas inicialmente incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, iso de conformidade co establecido na cláusula 15.2.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ao achegar documentación acreditativa dos prezos ofertados en función dos medios con que contan estes licitadores, iso tendo en conta o informe emitido pola axente de desenvolvemento local municipal con data do 2 de xullo de 2021, do cal deriva que as empresas presentan desagregacións detalladas dos custos das súas ofertas, en función das súas capacidades e medios, o cal unido ao seu volume de negocio permítelles manter os prezos ofertados.

Quinto: De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 15 de xullo de 2021, adxudicar o expediente núm. 2021/C004/000009 correspondente ao contrato de “Servizo de deseño e impresión de dossier informativo do Taller de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-2021, a favor da empresa “Publiprinters Global, S.L.”, no prezo total ofertado para o taller 20/21 (que poderá prorrogarse por dous exercicios máis, 2021-22 e 2022-23), de 957,72 euros IVE incluído (791,50 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do criterio do prezo ofertado á baixa que consta

na cláusula 12 do PCAP, e xustificar debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse no prezo ofertado, sendo este o único criterio a valorar no presente procedemento.

Sexto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Sétimo: De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, o órgano de contratación designará un/ha responsable do contrato, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato que se designe, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), para adxudicar a obra correspondente ao “Proxecto básico e de execución de Reforma e Ampliación do Complexo Deportivo Municipal A Barcala. Marzo 2021. Expediente : 2021/C003/000002

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 26 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 17 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre aprobou a Memoria valorada para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, adxudicando o contrato menor de servizos a prol do arquitecto don Alejandro Rodriguez González , que contará coa colaboración do aparellador don Juan Pablo Feal Miragaya, quen exercerá os labores de dirección da execución e coordinación de seguridade e saúde, (exp. nº 2021/C002/000007).

Co contrato citado, trátase de mellorar as condicións de realización de exercicio seguro e que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades realizadas polos usuarios condicionadas pola situación pandémica da Covid 19, obtendo maior espazo personal e de seguridade para a realización das mesmas. Coa intención de mellorar os servizos ofrecidos polo Complexo Deportivo Municipal da Barcala, considérase urxente dotar a dita instalación municipal dunha nova sala diáfana e polivalente, que permita o desenvolvemento de novas disciplinas, e que se ubicará na planta semisótano.

Con data do 16 de marzo de 2021 asíñase polo arquitecto don Alejandro González Rodriguez o documento denominado “Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación de Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Marzo 2021” , cun orzamento base de licitación de 187.187,00 € IVE incluído.

O citado documento conta co informe favorable de supervisión, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, emitido con data do 24 de marzo de 2021.

Con data do 13 de abril de 2021 emítese informe polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude coa conformidade do concelleiro-delegado da Área, no que se xustifica a necesidade da contratación, indicando que :

“A actuación que se propón considérase necesaria para cumprir co debido mantemento das instalacións municipais utilizados polos veciños que así o desexen e cumprir así a competencia municipal atribuída. Trátase da construción dunha nova sala de uso polivalente de 104,90 m² que se integre no Complexo Deportivo Municipal da Barcala.

O edificio que alberga o Complexo Deportivo Municipal da Barcala conta con dúas plantas: a planta baixa pola que se accede ao mesmo e no que se atopan o vestíbulo de acceso, recepción, unha sala, vestiarios e a piscina; e un semisoto que acolle as instalacións do complexo e un ximnasio aberto ao xardín en pendente que conecta os dous niveis e dota a este de luz natural. Este xardín serve ademais de itinerario de evacuación de incendios. A comunicación de ambas plantas conta ademais cunha escaleira e un ascensor que garante a accesibilidade á planta semisoterrada .

A proposta a levar a cabo é a construción dunha nova sala que se sitúa no xardín en pendente, separada do ximnasio 4.40 metros aproximadamente para non impedir a entrada de luz natural xerando un patio entre ambos. A cuberta plana da ampliación, sitúase por debaixo do nivel da cara superior dos muros laterais do patio, enrasada coa aceira superior, evitando que sobresaia sobre rasante do aparcadoiro. Ademais axardinárase de maneira que se conserve o carácter verde do patio e se plantarán 9 bidueiros. Trátase polo tanto dunha sala diáfana de 18.5 x 7.55 m (139.07 m²) á que se accederá a través dun corredor de 2 metros de ancho que parte do vestíbulo de comunicacións verticais, independizando esta entrada da do ximnasio. A superficie útil de dito corredor resulta de 13.58 m² e a cuberta baixase ata altura do teito do ximnasio sen sobresaír a fachada do edificio. Tamén se realizarán as correspondentes canalizacións de recollida de augas pluviais.”

Con data do 15 de xullo de 2021 emítese informe urbanístico polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que :

"A actuación levarase a cabo sobre un solo municipal calificado nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal (BOP 222 de 27 de setembro de 1994) como urbano denso proveniente do SAU-1-RD A Barcala (BOP 16 de decembro de 1993), sendo as ordenanzas de aplicación as establecidas no artigo 38 de ditas Normas e na Z-4 do Plan Parcial de A Barcala aprobado ao efecto.

O proxecto cumpre cas determinacións da normativa de aplicación sinaladas anteriormente.

En base o exposto, e dado que a actuación prevista realizarase sobre un solo de titularidade municipal, sin que atopese na zona de afección de ningunha outra administración, e polo que desde o punto de vista urbanístico, considerase viable"

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, con data do 20 de xullo de 2021, aprobou o "Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación de Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Marzo 2021", cun orzamento base de licitación de 187.187,00 € IVE incluído

Consta o informe técnico elaborado polo arquitecto municipal, de data 16 de xullo de 2021 no que se propoñen os criterios de valoración das ofertas.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 20 de xullo de 2021 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 342 62200 Instalacións deportivas, por importe de 187.187,00 euros.

Consta acta de replanteo do proxecto, asinada polo seu redactor e máis polo arquitecto municipal, con data 23 de xullo de 2021.

Consta a providencia de data 23 de xullo de 2021, de inicio do expediente de constratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria e o interventor municipais, de data 26/07/2021, propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende construír unha nova sala de uso polivalente que se integre no Complexo Deportivo Municipal da Barcala, na planta semisoto, no espacio ocupado polo actual patio-xardín, e así trátase de mellorar as condicións de realización de exercicio seguro e que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades realizadas polos usuarios condicionadas pola situación pandémica da Covid 19, obtendo maior espazo persoal e de seguridade para a realización das mesmas, polo que o Concello está a cumprir coas súas competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e a ocupación do tempo libre, contempladas no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, que sinala entre as responsabilidades das entidades locais, entre outras, as de construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, ou fomentar, promover e difundir o deporte, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000002, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) , e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Obra correspondente ao Proxecto básico e de execución de Reforma e Ampliación do Complexo Deportivo Municipal A Barcala. Marzo 2021
- Orzamento base de licitación: 187.187,00 Euros (IVE INCLUIDO)
- Valor estimado: 170.170,00 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 6 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 187.187,00 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 342.62200.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de Camiños municipal, don Óscar Soutro Muíño.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos

artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adjudicación da “ Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” no prezo total ofertado de 19.086,37 euros IVE incluído (15.773,86 euros sen IVE), e segundo desagregación de prezos unitarios ofertados. Expte: 2020/C005/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 26 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C005/000009 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adjudicación : factor prezo), da “Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 20.146,50 euros IVE incluído .

Vista a valoración da única oferta presentada e admitida, consonte ao criterio contemplado na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo máis baixo) e que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente procedemento de data 16 de xullo de 2021, así como a proposta de adjudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia, a prol do licitador “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC), no prezo total ofertado de 19.086,37 euros IVE incluído (15.773,86 euros sen IVE), e segundo desagregación de prezos unitarios ofertados, por ser a única entidade que se presentou á presente licitación, e cumprir con todos os requisitos establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares, sen presentar oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, constando acreditada a súa solvencia económica e técnica , así como a idoneidade dos bens a subministrar, esto ultimo segundo informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal con data do 26 de xullo de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación, de data 26 de xullo de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar. Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fíron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: De conformidade coa proposta formulada con data de 16 de xullo de 2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, admitir a oferta presentada pola entidade "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." (INSTELEC) , por presentar o sobre ou arquivo electrónico C, Subtitulado "Documentación administrativa e criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas", coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición, conforme os modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP .

Segundo: Aprobar, de conformidade coa proposta formulada o 16/07/2021 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, a seguinte valoración da única oferta admitida , tendo en conta o único criterio de valoración establecido na cláusula 12, (prezo máis baixo), así como os cálculos para determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido en 13.874,45 euros sen IVE, sen que a oferta presentada se atope neste suposto :

EMPRESA	PREZO TOTAL SEN IVE	IVE 21%	PREZO CON IVE	PUNTUACIÓN
INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL	15.773,86 €	3.312,51 €	19.086,37 €	100

Terceiro: Adjudicar o expediente núm. 2020/C005/000009, de "Subministración de soportes de luminarias para iluminación exterior (columna europea troncocónica), para a súa instalación nas vías públicas do Concello de Cambre", a favor da empresa "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.", (INSTELEC) no prezo total ofertado de 19.086,37 euros IVE incluído (15.773,86 euros sen IVE), e segundo desagregación de prezos unitarios ofertados, por ser a única entidade que se presentou á presente licitación, e cumprir con todos os requisitos establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares, polo que obtén a máxima puntuación do criterio de valoración "prezo máis baixo" que consta na cláusula 12 do PCAP, sen incorrer en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os prezos unitarios ofertados pola empresa, e nos cales se adjudica o contrato, son os que a continuación se indican :

Uds. Previstas (estimación)	Concepto	Prezo unitario sen IVE (euros, incluídos gastos xerais e beneficio industrial)
2,00	Columna europea troncocónica de 3/3,5 metros para iluminación pública fabricada nunha soa peza de aceiro S-235-JR galvanizado, ou similar, de dimensións: altura: 3/3,5 m.; diámetro: 60 mm.; espesor: 3 mm. Mesmo pernos de ancoraxe e tornillería, de dimensións segundo altura	102,36 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

5,00	Columna europea troncocónica de 5 metros para iluminación pública fabricada nunha soa peza de aceiro S-235-JR galvanizado, ou similar, de dimensións: altura: 5 m.; diámetro: 60 mm.; espesor: 3 mm. Mesmo pernos de ancoraxe e tornillería, de dimensións segundo altura	136,47 €
8,00	Columna europea troncocónica de 8 metros para iluminación pública fabricada nunha soa peza de aceiro S-235-JR galvanizado, ou similar, de dimensións: altura: 8 m.; diámetro: 60 mm.; espesor: 3 mm. Mesmo pernos de ancoraxe e tornillería, de dimensións segundo altura	230,00 €
16,00	Columna europea troncocónica de 9 metros para iluminación pública fabricada nunha soa peza de aceiro S-235-JR galvanizado, ou similar, de dimensións: altura: 9 m.; diámetro: 60 mm.; espesor: 3 mm. Mesmo pernos de ancoraxe e tornillería, de dimensións segundo altura	260,66 €
31,00	Columna europea troncocónica de 10 metros para iluminación pública fabricada nunha soa peza de aceiro S-235-JR galvanizado, ou similar, de dimensións: altura: 10 m.; diámetro: 60 mm.; espesor: 3 mm. Mesmo pernos de ancoraxe e tornillería, de dimensións segundo altura	286,33 €

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse no prezo ofertado, sendo ademáis a única entidade que participou na licitación.

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Quinto: Nomear como responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar os presentes acordos ao licitador presentado e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia